

# **6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

## **MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA**

<b>EDUCACIÓN FÍSICA 6º</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>
CA 1.2 – CA 2.2 – CA 6.2 Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a construír rutinas saudables na práctica da actividade física mediante a execución autónoma dun quecemento de activación corporal, a progresiva regulación do esforzo, a aplicación de mecanismos de relaxación e a posta en práctica de medidas básicas de hixiene ao término do traballo físico.
CA 1.5 - CA 3.3 Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Amosar un progreso no dominio e control corporal ao empregar os compoñentes cuantitativos e cualitativos da motricidade e comezando a xerar respostas creativas ante problemas motrices diversos.
CA1.6 - CA 4.5 – CA 5.4 Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Empregar de maneira regular habilidades sociais para a mellora da convivencia no contexto da aula, usar o diálogo como medio de resolución de conflitos, respetar a diversidade do grupo – clase e rexeitar calquera forma de violencia, discriminación ou estereotipos en favor da igualdade de xénero.
CA 2.3 - CA 6.3 Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar as medidas de seguridade fixadas polo mestre/a antes, durante e despois da actividade física identificando posibles situacións de risco que teñan lugar na mesma.
CA 2.4 - CA 3.1 – CA 5.2 Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver de maneira autónoma proxectos motores individuais ou grupais axustándose ás accións necesarias para elo: fixar as metas a lograr, secuenciar as accións a realizar e introducir os cambios necesarios durante o proceso de traballo.
CA 2.5 - CA 3.2 – CA 4.2 - CA 6.4 Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de	Diferenciar entre situacións de cooperación, situacións de oposición e situacións de cooperación-oposición, comezando a adoptar de forma anticipada as decisións necesarias en cada caso de acordo ao obxectivo a acadar en contextos de xogos modificados, actividades deportivas ou de tipo lúdico.

actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	
CA 2.6 - CA 4.3 - CA 5.3 Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor, amosando esforzo no traballo realizado e intentando autorregular a propia actuación por medio dun traballo reflexivo e a xestión das emocións.
CA 3.4 - CA 5.7 Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical, e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Reproducir composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes emocións, sensacións e ideas cun certo grado estético e creativo a través dos recursos expresivos da motricidade.
CA 4.4 Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respectar as normas de clase e participar en xogos e actividades físicas cumprindo as súas regras básicas, actuando de acordo aos principios de deportividade e xogo limpo e respectando a compañeiros/as e rivais.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS AVALIACIÓNS PARCIAIS E AVALIACIÓN ORDINARIA, PORCENTAXES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**1) CUALIFICACIÓN CORRESPONDENTE ÁS AVALIACIÓNS PARCIAIS:**

**1º TRIMESTRE:**

- 1) Prevese impartir 6 unidades didácticas. O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.
- 2) As unidades impartidas no primeiro trimestre supoñen un 38% do peso da materia.
- 3) A cualificación final do alumno/a no 1º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 1º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD1) x 0,05 + (nota acadada polo alumno/a na UD2) x 0,15 + (nota acadada polo alumno/a na UD3) x 0,35 + (nota acadada polo alumno/a na UD4) x 0,15 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD5 impartida) x 0,15 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD6 impartida) x 0,15

**2º TRIMESTRE:**

- 1) Prevese impartir 3 unidades didácticas. O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.
- 2) As unidades impartidas no segundo trimestre supoñen un 30% do peso da materia.
- 3) A cualificación final do alumno/a no 2º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 2º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD7) x 0,25 + (nota acadada polo alumno/a na UD8) x 0,50 + (nota acadada polo alumno/a na UD9) x 0,45 + (nota acadada polo alumno/a na parte da UD9 impartida) x 0,25

### **3º TRIMESTRE:**

1) Prevese impartir 3 unidades didácticas. O alumno/a será avaliado e cualificado en cada unha das unidades didácticas que se implementen sobre unha puntuación total de 10 puntos.

2) As unidades impartidas no 3º trimestre supoñen un 32% do peso da materia.

3) A cualificación final do alumno/a no 3º trimestre resultará de aplicar o seguinte baremo, segundo as unidades didácticas impartidas e a nota acadada polo mesmo/a en cada unha delas:

CUALIFICACIÓN DO 3º TRIMESTRE = (nota acadada polo alumno/a na UD10) x 0,40 + (nota acadada polo alumno/a na UD11) x 0,50 + (nota acadada polo alumno/a na UD12) x 0,10

### **2) CUALIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á AVALIACIÓN ORDINARIA:**

Unha vez acometida a avaliación e cualificación do alumno/a ao longo dos tres trimestres, procederase a fixar a nota correspondente á avaliación ordinaria.

A nota final acadada polo alumno/a nesta avaliación ordinaria resultará de sumar as notas ponderadas conseguidas polo mesmo/a ao longo dos tres trimestres que foron impartidos, ponderación que se realizará de acordo á porcentaxe ou peso que estas teñen no total da materia:

Peso das unidades didácticas impartidas en cada un dos trimestres do curso:			
1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	TOTAL
38%	30%	32%	100%
As porcentaxes do peso da materia en cada trimestre equivalen na nota da avaliación ordinaria a:			
3,8 puntos	3,0 puntos	3,2 puntos	10 puntos
A cualificación correspondente á avaliación ordinaria resultará de aplicar o seguinte baremo:			
CUALIFICACIÓN FINAL DO ALUMNO/A NA AVALIACIÓN ORDINARIA = (nota acadada polo alumno/a no 1º trimestre) x 0,38 + (nota acadada polo alumno/a no 2º trimestre) x 0,30 + (nota acadada polo alumno/a no 3º trimestre) x 0,32			

### **3) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados ao longo do curso serán os seguintes:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
1) Observación sistemática	1.1) Escalas de observación, listas de control e/ou rúbricas	30%
	1.2) Rexistro anecdótico (anecdótico)	5%
2) Análise das producións dos alumnos/as	2.1) Producións escritas, producións orais e/ou postas en común	10%
	2.2) Producións motrices	50%
3) Probas específicas	3.1) Probas de capacidade motriz	5%